

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NO 5º CURSO DE PRIMARIA:

	MATEMÁTICAS, LENGUA CASTELLANA E LINGUA GALEGA	CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS
PROBAS ESCRITAS	50%	60%
TRABALLO DIARIO	30%	20%
ACTITUDE E INTERESE	20%	20%

ANEXO: INSTRUMENTOS E RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DO PROCESO DE TRABALLO DO ALUMNADO

INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	PESO
Corrección do caderno	20%
Realización de tarefas	20%
Entrega de traballos	60%

ANEXO: INSTRUMENTO E RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DAS ACTITUDES E INTERESES DO ALUMNADO

INSTRUMENTO	INDICADOR	PESO
Observación directa e rexistro na ficha de seguimento individual	Interese na lectura	20%
	Atende ás correccións e amosa interés na súa mellora	10%
	Realiza o seu traballo diario	20%
	Participación na aula.	10%
	Respecta as normas da aula	20%
	Realiza un traballo cooperativo con actitude positiva e emprendedora cos seu compañeiros e compañeiras	20%

NOME:

**RÚBRICA PARA AVALIAR/
ANALIZAR O TRABALLO DIARIO**

ITEM	PESO	MOI BEN	BEN	REGULAR	MAL
Exercicios avaliabes UD	10%	Ten todas as actividades marcadas feitas e perfectamente corrixidas de ser necesario.	Ten a maioría de actividades marcadas feitas e corrixidas de ser necesario.	Ten a maioría de actividades feitas pero moitas delas están mal ou non están corrixidas.	Fáltanlle moitas actividades e as que ten non están mal feitas e sen corrixir.
Caderno	20%	Ten todas as actividades feitas e corrixidas. O caderno está ben organizado e con boa presentación e limpeza. Os apuntes están copiados.	Ten a maioría das actividades feitas e corrixidas e a maioría dos apuntes están copiados. A presentación é boa.	Fáltanlle algunhas actividades e apuntes. A presentación non é de todo correcta, algunhas cousas están desorganizadas.	Fáltanlle moitas actividades e non ten os apuntes copiados. Está todo moi desorganizado e con mala presentación.
Tarefas	20%	Sempre trae feitas as tarefas e interésase por facelas de xeito correcto preguntando dúbidas.	Normalmente trae as tarefas feitas e interésase por facelas de xeito correcto preguntando dúbidas.	Ás veces trae as tarefas feitas e non adoita preguntar dúbidas.	Habitualmente non trae as tarefas feitas e nunca pregunta as posibles dúbidas.
Traballos	50%	Entrega os traballos en tempo e con axeitada presentación. O contido dos mesmos é adecuado.	Entrega os traballos en tempo e con axeitada presentación. O contido dos mesmos ten algún erro.	Entrega os traballos en tempo. A presentación e o contido non son de todo axeitados.	Entrega os traballo fóra de tempo ou non os entrega. A presentación e o contido non son axeitados.

MATEMÁTICAS, LENGUA CASTELLANA E LINGUA GALEGA: 30%

CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS: 20%

NOME:

**RÚBRICA PARA AVALIAR A ACTITUDE
E O INTERESE NA MATERIA**

ITEM	PESO	MOI BEN	BEN	REGULAR	MAL
Lectura	20%	Mostra interese na lectura e nas actividades da “hora de ler”, acode á biblioteca e participa nas diferentes propostas.	Mostra interese na lectura e acode á biblioteca pero cústalle participar nas propostas que se realizan.	Non mostra especial interese na lectura, le cando se lle manda e acode á biblioteca se llo indica a mestra.	Non mostra ningún interese na lectura, só lee aquilo que se lle manda e por obrigación.
Atención	10%	Escoita sempre de forma activa, respectuosa e atenta as explicacións da mestra e dos compañeiros/as.	Escoita xeralmente de forma activa, respectuosa e atenta as explicacións da mestra e dos compañeiros/as.	Ás veces escoita as explicacións da mestra e os compañeiros/as. Interrompe en ocasións.	Non escoita nunca ou case nunca as explicacións da mestra e os compañeiros/as.
Traballo diario	20%	Segue sempre as instrucións e realiza as actividades plantexadas de maneira eficaz.	Xeralmente segue as instrucións e realiza as actividades, aínda que ás veces demostra dúbidas.	Escoita as instrucións pero ten dúbidas nos procedementos e precisa axuda para realizar as actividades correctamente.	Non sigue as instrucións e precisa de supervisión constante para realizar as actividades e tarefas correctamente.
Participación	10%	Contribúe sempre nas conversacións e explicacións aportando información relevante.	Normalmente participa nas conversacións e explicación, aportando información relevante.	Ás veces contribúe ás conversacións e explicacións aportando información relevante.	Nunca ou case nunca participa nas conversacións e explicacións.
Normas	20%	O seu comportamento sempre é axeitado. Mostra respecto aos demais.	O seu comportamento adoita ser correcto. Mostra respecto polos demais.	O seu comportamento é mellorable. Interrompe ás veces e cústalle respectar a quenda de palabra.	Non permite dar clase con normalidade. Dificulta o traballo dos seus compañeiros/as.
Traballo cooperativo	20%	Móstrase colaborativo/a para calquera tarefa. Escoita aos demais e integra as súas ideas.	Normalmente móstrase colaborativo/a. Escoita aos demais e integra as súas ideas.	Cústalle traballar de forma cooperativa e respectar as ideas dos demais.	Non se mostra colaborativo/a, prefire o traballo individual. Só acepta as súas ideas.

MATEMÁTICAS, LENGUA CASTELLANA E LINGUA GALEGA: 20%

CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS: 20%

Avaliación da práctica docente do mestre:

Avaliación Práctica docente	Sempre	Moitas veces	Algunha vez	Nunca ou case nunca
As clases son amenas e divertidas				
As actividades son variadas				
O mestre anímanos e axúdanos				
O mestre ten en conta as nosas opinións				
Explica con claridade				
Pregunta se hai dúbidas				
Realizamos actividades que nos gustan				
Se nos castigan é xustamente				
As nosas aportacións para as clases son importantes				
O mestre preocúpase por nós e pola nosa aprendizaxe				
Aspectos a mellorar e propostas:				

Cuestionario Autoavaliación Alumnado:

Autoavaliación Alumnado	Sempre	Moitas veces	Algunha vez	Nunca ou case nunca
Preparo só/soa o material que teño que traer ao colexio				
Traigo as tarefas feitas				
Estudo na casa sen que ninguén me mande facelo				
Estudo sen distraccións como o ordenador ou a televisión				
Atendo na clase ás explicacións				
Na clase, pregunto cando non entendo				
Aproveito o tempo na clase para non levar tarefas para a casa				
Colaboro na clase cos meus mestres e mestras				
Intento comprender o que aprendo				
Dedico todos os días un tempo á lectura				
Participo na clase				
Que estou facendo ben?				
Que debo mellorar?				